



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Representación e Recuperación Dixital da Información I		Código	710G04007
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónHumanidades			
Coordinación	López Venancio, María José	Correo electrónico	m.j.lvenancio@udc.es	
Profesorado	López Venancio, María José Seco Naveiras, Diego	Correo electrónico	m.j.lvenancio@udc.es diego.seco@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Coñecemento dos conceptos e formulacións teóricas centrais no estudo da Análise Documental, os seus niveis operativos e os resultados documentais. Análise dos métodos e técnicas da catalogación descriptiva, prestando especial atención ao estudo das Regras de Catalogación españolas, dos formatos ISBD e MARC, o código RDA e o modelo de metadatos Dublin Core. Aplicación práctica do estudo no ámbito conceptual e metodolóxico-técnico.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Abordar a fundamentación teórica da Análise Documental e avaliar a súa importancia no ámbito das Ciencias da Documentación.		A1	C3
Coñecer as funcións e obxectivos da Análise Documental en canto á organización, a recuperación e o acceso aos fondos documentais.		A1 B5 B11	C7 C8
Coñecer os estándares e formatos de intercambio de información bibliográfica: as Regras de Catalogación españolas, os formatos ISBD e MARC, o código RDA e o modelo de metadatos Dublin Core.		A8 A13	
Entender o rexistro bibliográfico como representación documental. Coñecer a súa estrutura interna: encabezamento principal, corpo descriptivo e encabezamentos secundarios.		A1 A9 A13	B7
Saber interpretar e aplicar os estándares internacionais e as Regras de Catalogación españolas para a elaboración de rexistros catalográficos.		A6 A13 A14	B2 B3 B4 B7 B9
Saber realizar a transferencia de información bibliográfica dun rexistro en ISBD a un rexistro en MARC, empregando un software de xestión de bibliotecas.			B6 B8 B10 B11 C2 C4 C5 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Introdución	-Definición e obxectivos da catalogación -As fases da catalogación -A normalización bibliográfica -O catálogo e o rexistro bibliográfico
2. Contextualización	-A análise documental formal e de contido -A descripción bibliográfica -Estándares e formatos de intercambio de información bibliográfica -Fontes de información -Partes do rexistro bibliográfico
3. O asento catalográfico	-Os encabezamentos principais -As áreas de descripción bibliográfica -Os encabezamentos secundarios
4. Estándares e formatos de intercambio de información bibliográfica	-As Regras de Catalogación españolas -O formato ISBD -O formato MARC -O código RDA -O modelo de metadatos Dublin Core
5. Os Sistemas Integrados de Xestión Bibliotecaria (SIXB)	-Introdución aos SIXB -Aplicación práctica: Koha

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A1 A9 B3 B11 C1 C7	0	10	10
Traballos tutelados	A6 B2 B6 B10 C2 C6	15	30	45
Portafolios do alumno	A8 A13 A14 B4 B7 B8 B9 C8	15	55	70
Sesión maxistral	B1 B5 C3 C4 C5	21	0	21
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Proba obxectiva	Proba mixta que pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de respuesta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación sobre os contidos teóricos da materia para a avaliação dos coñecementos adquiridos.
Traballos tutelados	Realización de traballos, individualmente ou en grupo, baixo a supervisión do profesorado. Os traballos tutelados servirán para aplicar os coñecementos adquiridos na materia sobre medios dixitais.
Portafolios do alumno	Carpeta de traballo dos/as alumnos/as que deben entregar, periodicamente e no prazo estipulado, á profesora coas distintas actividades propostas. Debido á natureza da materia o alumnado traballa especialmente en exercicios prácticos de catalogación.
Sesión maxistral	Exposición oral por parte do profesorado, complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgúns preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir os coñecementos fundamentais da materia e facilitar a aprendizaxe. Fundamentarase na exposición de contidos teóricos, a visualización de exemplos e a resolución de dúbidas por parte do profesorado.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Portafolios do alumno	Resolver dúbidas, ampliar formulacións, sugerir actividades e distintas formas de trabalho que axuden ao alumnado na súa aprendizaxe. Motivar á participación. Seguimento personalizado e constante de cada unha das tarefas desenvolvidas polos/as alumnos/as.
Traballos tutelados	<p>Este tipo de atención terá especial peso no portafolios do alumno e nos traballos tutelados, para os que o profesorado irá marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo proponer as variacións ou modificacións necesarias.</p> <p>Na medida do posible, intentarase facilitar a atención personalizada a aquel alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Portafolios do alumno	A8 A13 A14 B4 B7 B8 B9 C8	<p>Valórase a adecuación do trabalho dos/as alumnos/as aos temas propostos para cada actividade e o contido, con especial interese nas achegas do alumnado. En cada un dos exercicios de catalogación valórase a capacidade de análise e a resolución de problemas, ademais do esforzo e dedicación demostrados polo alumnado.</p> <p>Entregarase cada actividade na data indicada pola profesora.</p> <p>Non se avaliarán as actividades presentadas fóra de prazo, aquelas con faltas de ortografía ou as que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.</p>	60
Proba obxectiva	A1 A9 B3 B11 C1 C7	<p>Proba mixta, cuestionario de avaliação dos contidos teóricos:</p> <p>Avalíanse o número de errores e acertos do cuestionario. No caso das preguntas de resposta breve ademais os contidos das mesmas: a adecuación ás preguntas realizadas; a capacidade de argumentación; o emprego da terminoloxía; a expresión escrita; a capacidade de razonamento (argumentar, relacionar, etc.); a creatividade e o espírito crítico.</p> <p>Os/as alumnos/as deberán revisar e razonar previamente todo o contido da documentación relacionada cos temas/subtemas da materia para dar resposta ao cuestionario.</p> <p>O cuestionario deberá completarse de xeito síncrono en liña, a través de Forms, e nun tempo determinado. Fóra do tempo establecido non será avaliado.</p>	10
Traballos tutelados	A6 B2 B6 B10 C2 C6	<p>Valórase a adecuación ás pautas marcadas, o contido, a aplicación dos coñecementos adquiridos, a resolución dos problemas e a entrega do traballo no prazo establecido.</p> <p>Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.</p>	30

Observacións avaliación



## Requisitos imprescindibles:

- Para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que componen a metodoloxía de traballo da mesma, é dicir, se un/unha alumno/a non supera o portafolios non se lle avaliará a proba mixta e viceversa, do mesmo xeito que para o caso dos traballos tutelados.
- Para superar cada unha das partes que componen a metodoloxía de traballo é preciso realizar nos tempos indicados todas as actividades propostas.
- Os/as alumnos/as que non entreguen ou non superen o portafolios completo e a proba obxectiva, xunto co alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia serán avaliados (primeira e segunda oportunidade) nos exames oficiais dos contidos teóricos e prácticos da materia (cualificación: 70 %), debendo realizar un cuestionario de avaliação dos contidos teóricos e unha proba práctica de exercicios de catalogación en ISBD, na que se avaliará a capacidade de análise e a resolución fundamentada do problema. Así mesmo, deberán entregar, de xeito obligatorio e na data fixada, os traballos tutelados (cualificación: 30 %).
- A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliação, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometía: o/a estudiante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.
- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarse linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención na clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacions de discriminación por razón de xénero e propoñeranse accións e medidas para corrixilas.

## Fontes de información

Bibliografía básica	<p>-Anglo-American Cataloguing Rules, 2004. 2<sup>a</sup> ed. act., Chicago: American Library Association-Bereijo, A. 1998.</p> <p>"Caracterización del concepto de calidad en la catalogación descriptiva: factores que atañen al diseño de objetivos", Boletín Millares Carlo, n.17, pp.319-355-Bereijo, A. 1999. "La catalogación descriptiva: aspectos que intervienen en la calidad procesual", Revista Interamericana de Bibliotecología, v.22, n.1, pp.98-128.-Bereijo, A. 2002. Bases teóricas del Análisis Documental: la calidad de objetivos, procesos y resultados Madrid: Boletín Oficial del Estado-Bereijo, A. 2004. "El Análisis Documental: el problema de la distinción entre Análisis Formal y Análisis de Contenido", en Caridad Sebastián, M. y Nogales Flores, T., (coord.), La Información en la Postmoderna Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces y Universidad Carlos III de Madrid-Carrión Gutierrez, M. 2002. Manual de Bibliotecas Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez-Chaumier, J. 1986. Análisis y lenguajes documentales Barcelona: Mitre-Doner, D. 2000.</p> <p>"Cataloguing in the 21 century: digitalization and information standards", Library Collections, Acquisitions and Technical Services, n.24, pp.73-87-Herrero Pascual, C. 2002. Catalogación para formato IBERMARC: monografías y publicaciones seriadas Murcia: D.M.-Martínez García, M. y Olarán Múgica, M. 2005. Manual de Catalogación en Formato MARC Madrid: Arco-Libros-Moreiro González, J. A. 1998. Introducción al estudio de la Información y la Documentación Medellín: Universidad de Antioquia-Olarán Múgica, M. y Martínez García, M. 1998. Manual de catalogación: monografías modernas: adaptado a la última reimpresión con correcciones de las Reglas de Catalogación Madrid: Arco-Libros-Pinto Molina, M. 1991. El Análisis Documental: fundamentos y procedimientos Madrid: EUDEMA-Reglas de Catalogación. 1999. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura</p>
Bibliografía complementaria	O profesorado proporcionará nas clases e no material de traballo bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías